

## A illa de El Hierro.

A illa do meridiano, como se lle chamou namentres foi situado o meridiano cero no seu punto máis occidental, é a máis pequena e máis occidental das Illas Canarias. No século II críase que alí acababa o mundo, e quen se aventurase máis alá só atoparía dragóns e monstros mariños.

Os indescifrados petroglifos das súas rochas son un misterio gravado nesa formación de orixe volcánica, que presenta na súa superficie máis de mil cráteres, onde nos fondos mariños é doado atopar arcos, covas e tubos de lava.

Reserva da Biosfera desde o ano 2002, o mergullo nos seus fondos descubre unhas augas cálidas e, probablemente, as máis limpas do arquipélago.

A illa ten unha grande pendente e é posible chegar aos 100 metros de profundidade mesmo preto da costa, o que permite, nos meses de verán, ser testemuñas do grande espectáculo mariño das súas profundidades.

Grandes meros, sargos, peixes trompeta e corais negros atópanse nos volcáns mergullados da que foi denominada “illa do fin do mundo”

Arriba, na superficie terrestre, as forzas da natureza esculpiron a illa: as sabinas milenarias aparecen espectacularmente domadas polos ventos alisios. E os cultivos e as viñas do Val do Golfo dan fe da diversidade paisaxística, en contraste co fantástico e turbador efecto dos cumios do sur, coas súas formacións de lava solidificada: os *laxiais*.

O interese por salvagardar a inmensa riqueza natural destas paraxes levou a aprobar en 1977 o proxecto de converter a illa na primeira en usar só enerxías renovables e ser, así, un exemplo de sostibilidade.

Nos fondos da illa de El Hierro, unha tartaruga boba guíanos na nosa incursión polos fascinantes baixos e ocos cheos de vida.

Habitante habitual de áreas de corais negros, o peixe trompeta gusta das covas e fondos rocosos para se gorecer e camuflar en posición vertical, agardando o momento axeitado para succionar estrondosamente algún peixe máis pequeno.

O mundo submariño, que latexa nas profundidades, rebosa de vida baixo estas augas protexidas.

Ao escurecer, os tapices de algas e as brillantes esponxas amosan as súas moi variadas formas e enchen de vida as profundidades. Os nudibranquios amosan os seus códigos de cores exuberantes, coa complicidade da noite canaria.